



Algúns topónimos das parroquias da Estrada, Matalobos, Ouzande e Toedo

Fernando Cabeza Quiles

Como indicamos no número 4 desta mesma *Miscelánea* (Cabeza Quiles, 2001: 11 e ss.) o nome da Estrada, pode ter dúas procedencias moi próximas e parellas. A primeira retraería este topónimo ao sintagma latino **(via) strata*, en alusión a unha vía, vereda ou camiño construído, xa dende tempo dos romanos ou dos tardorromanos, estrando laxes ou pedras. Dende este parecer ou perspectiva a voz latina *strata*, antecesora da palabra galega “estrada”, proviría, á súa vez, de *stratus*, participio do verbo *stemere*, igual a espallar, cubrir, botar por riba do chan, empedrar un camiño. De aí o significado de camiño empedrado para o topónimo *Estrada* ou *A Estrada*. A expresión latina **(via) strata*, “camiño empedrado”, coa elipse ou desaparición da voz *via* e a sonorización do seu *-t-* intervocálico en *-d-*, máis a aparición do *e* protético diante do *s-* líquido latino, dá en galego, con todas as garantías que ofrece a gramática histórica, a voz “estrada”, logo toponimizada, segundo parece, nos nomes de lugar *Estrada* ou *A Estrada*.

A segunda posibilidade etimolóxica e significativa que podemos manexar para explicar o topónimo concreto da *Estrada*, referido á vila e concello así chamados da provincia de Pontevedra, consiste, dada a modernidade desta poboación, que parece unha creación urbana recente, que documentalmentemente non podemos retraer máis alá do sécu-

lo XVII, en considerar este lugar particular chamado *A Estrada* como procedente do sintagma galego e non latino (lingua que debeu morrer moito antes da aparición deste topónimo) *(*vía*) ou *(*verea*) *estrada*, sendo “estrada”, neste suposto, participio galego do verbo “estrar” (e non do latino *stemere*) no seu significado de estender estrume, xeralmente capas de toxo, non nas cortes do gando, senón nas corredoiras; operación que se facía, sobre todo en tempo de inverno, nos lugares costentos ou, tamén, nos pasos erosionados ou mesmo onde había moita lama. Así, malia que os dicionarios de galego só recollen o sentido moderno da recuperada voz “estrada” como sinónimo da castelá *carretera*, aínda é felizmente recordada na tradición oral a voz “estrada” co seu significado xenuinamente galego de canella ou corredoira estrada ou cuberta de estrume; significado que estivo vivo ata hai ben poucos anos en varias comarcas galegas, a saber no concello coruñés de Tordoia (noticia de Xosé Pereiro) e no lugúes de Láncara, como lle escoitamos ao profesor Basilio Losada (*Encontros de narrativa castelá, catalana e vasca*, Uned da Coruña, 19-4-2001).

Ao anterior respecto, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez ofrece as voces “estrar” e “estrumar” co significado de estender “estrume en los corrales y en las corredoiras para facilitar el tránsito en días llovedizos (sic) y hacer abono para mejorar las tierras”. Así mesmo, don Eladio, tamén explica, co seu especial estilo decimonónico, que “Antiguamente se *estrumaban* también las calles de algunas ciudades gallegas; y como esto era peligroso para la salud pública, las ordenaciones (sic) de Orense de 1509 han prohibido que desde el primero de cada mes de diciembre se lanzaran *estrumes* en las rúas” (Rodríguez González, 1980, (reed.), voz *estrumar*, t. 2: 309). Operación, descrita por don Eladio, que quizais se fixese na *Estrada*, aínda que esta nosa teoría sobre a explicación do topónimo se faría definitiva, que aínda non o é, se algunha persoa maior recordase, a través da tradición oral, a devandita acción de estrumar con toxo algún camiño antigo máis ou menos flanqueado de casas da nosa *Estrada*. Operación que se verían obrigados a facer



O cruceiro do barrio do Cruceiro, núcleo poboacional orixinario da vila.

os nosos tataravós sobre unha vía impracticable, costenta, descarnada ou con lama e que estivese un tanto apartada das actividades comerciais con casas campesiñas ao seu carón, máis relacionadas con esixencias agrícolas e rurais que coas de tipo puramente comercial. Camiño ou vereda dese tipo que existiu, para molestia e desespero dos nosos devanceiros, na *Estrada*, concretamente na rúa do Cruceiro, que debeu ser o núcleo poboacional orixinario da vila. A este respecto, o que foi o noso excelente profesor de primaria nos anos sesenta e hoxe escritor, don Olimpio Arca Caldas, explica nun traballo, aínda que sen se meter na posible etimoloxía do topónimo, que a actual rúa estradense do Cruceiro “Barrio emblemático (abofé) de la villa y quizás el más antiguo” foi un “Camino con pendiente pronunciada y durante mucho tiempo sin ser asfaltado, las lluvias, en su efecto de erosión y transporte, depositaron sus sedimentos en el rellano, al pie del crucero... Aquel camino descarnado y un tanto apartado de la actividad comercial, con sus casas asentadas según las exigencias de tipo agrícola, estuvo muchas veces olvidado en los planes de urbanización. En el año 1911 se declara nece-

sario su arreglo inmediato. En los años 1924-25 los vecinos denuncian la existencia de una zanja inmundada (que) ´constituye desde hace mucho tiempo (¿canto?) un foco de infección` ... la calle uno de los asentamientos más antiguos y representativos de nuestra Villa....” (Arca Caldas, 1995: 151-152).

Deixando o topónimo *A Estrada*, que se viñese do latín **(via) strata*, en referencia a un camiño estrado de laxes, non tería para nós máis categoría que se o fixer do galego **(verea) estrada*, en alusión a un camiño estrado de toxos (a falta de pedras bos son os humildes toxos para estrar unha verea), pasamos ao topónimo *A Cañoteira*, nome de lugar estradense que debeu facer referencia en orixe a un lugar antano cuberto de cañotos ou canotos, que puideron ser cachopas ou cepas arbóreas, canas secas de millo ou mesmo canas ou restrollos de centeo, trigo, etc.

Outro lugar, como o devandito da *Cañoteira*, hoxe próximo, aínda que non tanto, ao núcleo urbano da vila da Estrada é o chamado *Figueiroa*, que se diversifica nos topónimos *Figueiroa de Arriba* e *Figueiroa de Abaixo*, nome de lugar tamén de orixe vexetal, que fai referencia neste caso a unha figueiriña ou figueira pequena, que habería no lugar no momento do nacemento do topónimo, xa que *Figueiroa*, mellor ca *Figueroa*, vén da palabra latina *ficariola*, diminutivo de *ficaria*, “figueira”.

Moi próximo tamén á vila da Estrada está o lugar coñecido como *As Colonias*, topónimo moderno que está relacionado co carácter de vila “airista” co que se coñecía á Estrada a comezos do século pasado, polos seus saudables aires de media montaña, idóneos para curar enfermidades pulmonares e outras doenzas. Así, á parte de edificarse un sanatorio, hoxe desaparecido, e de explotarse daquela varias pensións e hospedaxes, que acollían no verán doentes adultos, no ano 1917 o filántropo vigués don Fernando Conde Domínguez establece no lugar do Sixto, a menos dun quilómetro do centro da vila, unha residencia destinada ao albergue das chamadas “Colonias Escolares”, onde cada verán acudían os escolares viganeses de máis

cativa economía (Arca Caldas, 2000: 194); establecemento ao que alude o actual topónimo *As Colonias*, que recolle o último significado da polisémica palabra “colonia” igual a “conxunto de actividades educativas e lúdicas destinadas a completar a acción educativa da escola”, e, por extensión, “lugar onde se realizan esas actividades” que, como vemos, tamén pode ser un lugar de vacacións e descanso.

Aínda que non o pareza nun principio, co noso topónimo *As Colonias* está relacionado o de *Colonia*, en alemán *Köln*, referido á cidade xermana dese nome, así chamada por ser no tempo do imperio romano unha colonia, do latín *colonia*, recollendo este topónimo outro significado da palabra “colonia”, igual a “territorio ou país sometido e dominado por outro país máis poderoso”.

Na devandita cidade de Colonia empezouse a fabricar un perfume composto de auga, alcohol e esencia, que nun principio se chamou “auga de Colonia”, xurdindo a voz e o concepto “colonia” con estoutro significado, ao que cómpre engadir o de “*coloniales y ultramarinos*”, referido ás tendas de comestibles dese nome, hoxe case desaparecidas, que nun principio venderían exclusivamente produtos ultramarinos (té, sucre, cacao e especias), isto é, produtos de *ultra* ou máis alá do mar, é dicir, produtos *coloniales* ou das colonias, que o imperio español tiña ao outro lado do mar océano. A este respecto, recordamos con señardade a tenda de *coloniales e ultramarinos* ou *ultramarinos e coloniales*, tanto monta, monta tanto, que o señor Silva rexentaba (hoxe faino un fillo) na rúa estradense Pérez Viondi, onde nos escasos, mais creativos e heroicos anos sesenta, xogabamos de nenos ás tendas nunha tenda de verdade, grazas ao bo carácter e paciencia do citado señor.

Outro lugar de nome atraínte que nos retrae á nosa nenez, situado daquela a carón da vila estradense, pero neste caso emprazado na estrada de Codeseda, é ou era nos devanditos anos sesenta o chamado *El Caño Sifón*, que hoxe, coa xusta, lóxica e natural restitución dos topónimos galegos ao galego (non vaia ser que esteamos en Galicia), cómpre chamar *O Cano Sifón*; hidrónimo que nos fala da

existencia dun sifón no lugar; isto é, dun artiluxio hidráulico que fixese pasar a auga dun cano dun nivel máis baixo a outro máis alto.

Verbo da *Baiuca*, nome de rúa e no seu día de descampado, onde, moito despois do nacemento do topónimo, se construíu o campo de fútbol da Estrada, dicir que este nome de lugar é bastante frecuente en Galicia e que se refire á antiga existencia nos lugares así chamados de baiucas, que eran as tabernas do seu tempo. Así, no devandito *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez a voz “baiuca” aparece co significado de “taberna, bodegón, figón” (Rodríguez González, 1980, (reed.), voz *baiuca*, t. 1: 308), e, segundo o profesor J. L. Pensado, dende mediados do século XVI a toponimia galega énchese de *bayucas* ou baiucas. Este investigador di que o feito se debe ao regreso de emigrantes galegos das grandes urbes hispánicas, que fundaron estas tabernas, necendo desta maneira as baiucas en Galicia, que no seu tempo cubrirían un servizo, e que hoxe, desaparecidas, quedaron felizmente enquistadas na toponimia.

De que os termos baiuca e taberna foron sinónimos no seu tempo, dá fe un anuncio que vimos, xa hai algúns anos, na porta da igrexa parroquial de Rodís, pertencente ao concello coruñés de Cerceda. O anuncio, que informaba sobre a celebración dunha poxa de fincas, nun dos seus parágrafos dicía así, cita textual: “finca de monte Bayuca, atrás de la Taberna antigua”, onde os topónimos *Baiuca* e *Taberna Antiga* se deben referir a un mesmo establecemento (Cabeza Quiles, 2000: 24).

Con relación ao topónimo *A Baiuca* da Estrada e como anecdótico cómico-sentimental direi que no campo de fútbol así chamado da vila estradense un servidor xogou moito e ben ao fútbol, antes de se ter que reciclar como ciclista, porque os adestradores dos equipos infantís dos anos sesenta (joer que tropa) non me puñan nas aliñacións -porca miseria- por ser alumnos de meu pai, profesor de matemáticas seguramente demasiado estricto. Téñolle que estar moi agradecido a aqueles *justicieros* de a patacón, que querían aprobar sen daren pancada, porque logo fun ciclista limpo de competición



O actual campo de fútbol da Baiuca.

durante moitos anos e pasei e aínda paso momentos deliciosos coa miña querida bicicleta.

A carón do campo de fútbol da Baiuca, aló tamén polos recordados anos sesenta, había unha única moreira á que un servidor, aproveitando a súa axilidade de neno miúdo, agabeaba para coller as súas follas coas que alimentar uns vermes de seda, que gardaba nunha caixa de zapatos. Moito anos despois, grazas a un artigo de don Mario Blanco Fuentes, eficaz e culto alcalde da Estrada nos devanditos anos, decátome que aquela árbore solitaria debía ser a derradeira sobrevivente dun conxunto delas da súa mesma especie. Así, no número 5 desta mesma *Miscelánea histórica e cultural* correspondente ao ano 2002, nun artigo do devandito señor sobre a historia do campo de fútbol da Estrada, publicado postumamente, con transcripción, edición e notas de Juan Andrés Fernández Castro, leo: “Este campo de A Baiuca (antes de faceren o actual estadio)... se encontraba al final del conocido por entonces *Paseo de las Moreras* que hoy ocupa la carretera que lleva a la Torre de Guimarei” (Blanco Fuentes, 2002: 38-39). Foi, xa que logo, *O Paseo das Moreiras* un fermoso topónimo urbano da Estrada hoxe tristemente desaparecido, que facía alusión a un conxunto de árbores postas en renque da especie chamada moreira, familia vexetal que, malia ser foránea e chegar relativamente tarde a

Galicia, creou topónimos de tipo *Moreira*, *A Moreira*, *Moreiras* e *As Moreiras* ou *Moreiriñas* e, na Estrada, o devandito *Paseo de las Moreras*, que, de existir hoxe, sería *O Paseo das Moreiras*, non vaia ser outra vez que esteamos en Galicia.

Outro lugar e topónimo senlleiro da parroquia de San Paio da Estrada é *O Pedregal*, nome de lugar tamén próximo á capital municipal, que é, tal como parece, un abundancial de pedra en -al, que nos fala dun “pedregal”, de *petricale*, isto é, dun lugar cheo e abondoso en pedras. Ao respecto deste fermoso e sonoro nome de lugar, dicir, viaxando outra vez no tempo, que nos lembramos, esta vez con moito agarimo, de Concha; unha señora que nos axudaba na casa como asistenta doméstica e que me levaba moitas veces canda ela á súa aldea do Pedregal, onde a súa nai, unha velliña valente e enloitada das de antes, ao irmos coas vacas (eu tamén fun coas vacas de rapaz) falábame de lendas de mouros que vivían debaixo de grandes pedras, que xacían soterradas baixo o herbal da aldea onde o gando estaba a pacer. Lembro tamén que, para ilustrar e demostrar a característica pétreo daquel terreo, a devandita señora vareaba con forza o chan co seu pao de aguilloar os animais, obtendo como resposta inmediata un eco descomunal, que viña das profundidades daquela misteriosa pradaría, que resoaba dese xeito por ter debaixo un gran pedregal, perfectamente toponimizado como *O Pedregal*.

Non lembro se dende a aldea do *Pedregal* se vía a do *Vilar*, de *villare*, en alusión a un vilar ou aldea pequena, pero si recordo que se podía divisar o *Río dos Sapos*, xa pertencente á limítrofe parroquia de Santa Baia de Matalobos; topónimo de obvio e transparente significado que nos fala, coma se fose un segredo a voces, dunha pequena corrente fluvial frecuentada ou abondosa en sapos, voz onomatopeica que se refire ao son (sa, sa, po, po ou algo similar) que producen diversas especies de anfibios anuros, a maioría do xénero bufo, entre os que se atoparían os sapos perpetuados no topónimo.

Se no *Río dos Sapos*, había sapos, no próximo lugar chamado *A Brea* houbo unha vereia, vieiro ou camiño, xa que *A Brea* é un nome

de lugar que provén da palabra do baixo latín *vereda*, “ruta de posta, camiño”, vocábulo que á súa vez procede do latín *veredus*, que significa “cabalo de posta”. Así, a aldea estradense da parroquia de Matalobos chamada *A Brea* está hoxe á beira dunha estrada nova que se construíu, segundo nos contaron no lugar, sobre o trazado dunha antiga vereas (quizais a do topónimo), que era, cita textual dun vello señor do lugar, “tipo congostra e ía moito máis fonda ca hoxe” (Cabeza Quiles, 2002: 123).

Por outra banda, dicir que o termo latino *vereda* estaba asociado a diversas actividades ou traballos relacionados co camiño antigo dese nome, dando palabras derivadas coma a tamén latina de *veredarius*, o correo-mensaxeiro así chamado por se desprazar no seu cabalo de posta ou *veredus* pola *vereda*. Máis modernamente e dende o romance a partir da palabra xa galega “verea” temos o vocábulo derivado desta voz “veredeira”, igual a “recadeira que andaba polos camiños ou polas vereas” (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e Franco Grande, 1972: 835). Tamén o adxectivo “vereador/a”, igual a “concorrido, frecuentado” (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e Franco Grande, 1972: 835), que nun principio se referiría a unha vereas vereada, isto é, concorrida ou frecuentada. “Vereiro”, igual a “justicia, gobernador” e “verear” co significado de “hacer justicia, gobernar”; vocábulos que Carré dá como arcaicos (Carré Alvarellos, 1972: 870), e que nun principio terían o significado máis restrinxido de enviar mensaxeiros con ordes (para seren cumpridas) polas vereas. Os devanditos mensaxeiros chamábanse en castelán *veredores*. O portugués recolle os vocábulos *vereador* co significado de “membro da cámara municipal, edil” e *verear*, “administrar como vereador, exercer funcións de vereador” (Cabeza Quiles, 2002: 130).

Outra expresión que naceu por e para a vereas, en castelán *vereda*, é a de *poner en vereda*, que nun principio debeu significar “transmitir ou poñer en circulación certas ordes postas por escrito utilizando as *veredas*”, e que máis tarde, por unha ampliación de significado, pasou a expresar a idea de espelir a alguén para que se poña en

circulación: “a ti voute eu poñer en *vereda*”, dicímoslle a alguén indolente, preguiceiro ou pasmán.

Fóra da *Brea*, outro lugar da parroquia de Matalobos é o chamado *A Graña*, topónimo procedente dunha antiga palabra igual ou parecida a **grania*, que se refire a antigas “grañas” ou granxas; fundacións eclesiásticas de rango inferior aos mosteiros e priorados, as cales, tendo á fronte un monxe labrego chamado mestre, eran, as que fornecían alimentos e produtos agropecuarios aos seus respectivos cenobios (Cabeza Quiles, 1992: 220).

Verbo de *Guendos*, non sabemos o que significa, mais si coñecemos, ou cremos coñecer a etimoloxía e o significado do topónimo *Matalobos*, onde, malia a aparencia do topónimo, non era un lugar no que mataban lobos, xa que, aínda que este rechamante nome de lugar poida ter outras explicacións, nós coincidimos coa apreciación do profesor Pensado en canto a que podería referirse ao nome dunha planta. Así, este autor sinala que: “Quizás sea un fitónimo aludiendo al ‘matalobos’” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 128); planta que segundo o padre Sarmiento “Llámase así (o ‘matalobos’) en Galicia a todo género de acónito o de lycoctono” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 128).

En castelán tamén existe a palabra *matalobos* para referirse á mesma planta (Corominas-Pascual, 1997, voz *matar*, t. 3: 880). O mesmo que en portugués (Machado, 1977, voz *mata-lobos*, t. 4: 75). Esta planta, ao pertencer ao xénero acónito, é velenosa e puido recibir, segundo pensamos, o nome de “matalobos” ao aplicarlle o folclore popular a propiedade de matar o lobo, animal maldito na nosa e outras culturas, e auténtica besta negra de bosque, da que había a necesidade de protexerse, gardarse e mesmo exorcizar con plantas como a devandita de “matalobos” ou queimando, entre outros costumes ou ritos, a folla doutras, como a chamada en castelán *guardalobos*, da que nos fala o marqués de Villena, que tiña a suposta propiedade, como indica o seu nome, de ser un antídoto contra o temible animal.

Volvendo ao topónimo *Matalobos*, este puido ser nun principio **Horta de Matalobos* ou **Campo de Matalobos*, como ocorre cos topó-

nimos, entre outros, *Verdeogas*, Dumbria (A Coruña), que antes foi *Campo de Verdeogas*, en alusión a un campo onde abundaba outra planta; e *Malvares*, topónimo repetido en Galicia, que debeu nacer a partir do de *Campo de Malvares*, en clara alusión a un campo de malvas.

Un nome de lugar similar ao de *Matalobos*, que pode reforzar o significado deste, é o de *Matacáns* que, como nos casos anteriores, antes foi *Huerta* (no sentido de campo) de *Matacáns* (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 161), que se converte en *Matacaes* en Portugal, e que para o profesor Pensado é un sintagma toponímico transparente, que pode remontar a un alcume ou a un fitónimo semellante ao portugués “*mata-caes*. Acónito, cólquico (cólchico), matalobos o *mata-cao*. Planta venenosa... (é a mesma que a chamada “matalobos”)...” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 1161-162).

Outros nomes de plantas similares á galega de “matalobos” e á portuguesa de *mata-caes*, na composición do nome das cales entra o verbo “matar” por seren velenosas, que parecen reforzar o carácter de fitónimo do topónimo *Matalobos*, son as de “matacabalos” e “matapulgas” (trátase doutro nome do trobisco). En canto á planta chamada “matalobos”, para nós a causante do topónimo da mesma forma, o devandito dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez a rexistra co significado de “Acónito, planta anual ranunculácea, de flores azules. Es frecuentemente venenosa; sus raíces y hojas tienen sabor acre y quemante...” (Rodríguez González, 1980, (reed.), voz *matalobos*, t. 2: 599).

Malia o anterior, o profesor Pensado tamén indica do topónimo *Matalobos* que (é certamente outra posibilidade viable) “no se puede desechar la posibilidad de que remonte a un apodo de persona” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 128).

Na parroquia de Matalobos tamén existe un lugar chamado O *Chan das Saíñas*, que ofrece, de acordo coa primeira parte deste topónimo, un chan ou superficie plana onde antano puido haber varias “saíñas”, voz que debe ser neste caso concreto diminutivo do vocá-

bulo de orixe xermánica (gótica) *salas*, plural de *sala*, “casa dunha soa habitación ou habitáculo pechado con paredes”, que tamén deu os topónimos galegos *Sas* e *Zas*, este último debido a un proceso de falsa corrección con ceceo (Cabeza Quiles, 1992: 517). Como os devanditos topónimos *Sas* e *Zas* deben facer referencia a grandes explotacións agrícolas, tipo granxa ou vila agropecuaria do período suevo, o *As Sañas* do topónimo *Chan das Sañas*, poden aludir a pequenas granxas ou espazos agrícolas pechados. A este respecto, nada menos que o profesor e investigador Piel opina que “parece muito posíbel que tamém o gal. *Saiñas* (La Coruña e Pontevedra) assente em **Sal-iña*, ou seja ‘sá pequena` ” (Piel, 1989: 124).

Pola súa banda, o profesor Mariño Paz, que coma J. M. Piel non distingue as “sañas” terrestres das litorais (nós farémolo de seguido), opina que “o substantivo gótico SALA (cf. Piel 1973), que tiña un significado para nós incerto, pero probablemente próximo dos de ‘casarío’, ‘pazo’ ou ‘quinta’ ” daría “nomes de lugar como *Saa*, *Sa*, *Saas*, *Sales*..., e, cun sufixo diminutivo, *Sañas*” (Mariño Paz, 1998: 69).

Aínda que o topónimo *As Sañas* pode ter ese significado cando se documenta terra dentro, como no caso da parroquia estradense de Matalobos, se nomea territorios costeiros, e razoable que se refira, neste segundo caso, a antigas *salinas*, vocábulo latino, que pode dar, ao pasar ao galego, o de “sañas”, perdendo, no seu paso ou evolución do latín á nosa lingua, o seu *-l-* intervocálico e aparecendo un *Ô* entre o *i* tónico nasalizado e o *a*, como sucede, por exemplo, no paso de *gallina* a “galiña” (Cabeza Quiles, 2000: 379).

Abandonando a parroquia de Santa Baia de Matalobos e saltando á de San Lourenzo de Ouzande, dicir que *Ouzande* puido ser nun principio **Ousande* (sen o seu actual posible ceceo), topónimo que acocha, segundo pensamos, un nome de persoa de orixe xermánica (suevo ou visigodo) rematado en *-sande*, ou mellor en *-sende* (sen a posible disimilación do primeiro *e* -*Sende-* en *a*), que recolle a terminación latinizada *-indus* do gótico *sinths*, “camiño”. Así, dunha suposta, pero moi posible, *(*villa*) *Ausendi*, é dicir, *villa*, en canto a

explotación agrícola medieval, graña, granxa dun tal *Ausendus*, puido saír o topónimo estradense *Ouzande*, que tan bos recordos nos trae e que de neno visitabamos con frecuencia co noso amigo Manolo Barral, os avós do cal nos agasallaron unha vez cun saboroso chourizo da súa matanza. A este respecto, non ao respecto do chou-



Camiño de Ouzande, a primitiva posesión de *Ausendus*.

rizo, senón da explicación do topónimo *Ouzande*, nun documento do ano 954, publicado por don Antonio López Ferreiro (nós non compartimos a teima pseudodemocrática e pseudoprogresista de quitarlle o don a quen o merece) cítase unha persoa chamada *Ausendus* (López Ferreiro, 1901, (edic. facsím.): 227). O tal *Ausendus*, á parte do de *Ouzande*, tamén puido dar o topónimo, repetido en Galicia, *Ousende*, que non sufriría o ceceo, conservando o seu -s- etimolóxico, nin a devandita disimilación do seu primeiro *e* en *a* (*Ousende*); fenómenos fonéticos que si se deron en *Ouzande*, que por iso non é hoxe *Ousende*, aínda que ambos os dous topónimos veñan ou poidan vir do devandito sintagma medieval *(*villa*) *Ausendi*, isto é *villa* de *Ausendus*.

Seguindo nesta parroquia, que, por mor do chourizo de marras, sempre me lembrará, como a Marcel Proust a madalena, a miñanenez, atopámonos co topónimo *Alemparte*, formado por *Alén*, do latín *ad illinc*, “ao outro lado de”, e “parte”, en clara alusión á situación desta aldea así chamada, que se atopa, segundo a perspectiva de quen crearon o topónimo, alén ou da outra parte do río Pinguela, se vimos da vila da Estrada, en dirección norte sur.

Seguimos en San Lourenzo de Ouzande e non dicimos ren ao indicar que o topónimo transparente *O Castro* se refire a existencia no lugar dun destes poboados fortificados da Idade do Ferro, que tanto adornan e humanizan a paisaxe da nosa terra.



O lugar de Alemparte na lonxanía, da outra parte do río.

Se na aldea chamada *O Castro* hai un castro, na denominada *O Formigueiro* houbo un formigueiro, isto é, un galería cavada polas formigas debaixo da terra para criaren e viviren.

No lugar da *Penarada*, no canto de viviren e laboraren as formigas, debe haber unha pena, e o topónimo *O Redondo*, nome doutra aldea da parroquia de Ouzande, é un topónimo orográfico, que se refire e alude á configuración redonda do terreo.

Xa na parroquia de Toedo, este topónimo, tal como explicamos noutra *Miscelánea* (Cabeza Quiles, 2003: 155 e ss.), pode ter dous posibles significados. En primeiro lugar pode ser un topónimo de traslado, traído a Galicia e ao actual concello da Estrada por un grupo de mozárabes procedentes de Toledo, que fundarían aquí un pequeno núcleo poboado co nome da súa cidade de procedencia. Mais, aínda considerando a presenza certa en Galicia de toldaos ou toledáns, os posibles fundadores e creadores do topónimo *Toedo*, esta teoría tropeza, segundo pensamos, coa perda do *-l-* intervocálico de *Toedo*, procedente de **Toletum*, xa que esta desaparición debeu producirse antes da chegada dos hipotéticos emigrantes procedentes da cidade de Toledo.

Verbo da segunda possibilidade, para nós a máis fiable, coidamos que o topónimo *Toedo*, coma o seu case homónimo *Toledo*, pode proceder dunha base **tol*, “altura”; detalle orográfico que se cumpre en relación ao *Toedo* estradense, situado sobre unha pequena pero definida altura e, de maneira aínda máis manifesta no caso da cidade de *Toledo*. A este respecto, do topónimo *Toledo*, para nós o tocaio castelán do *Toedo* galego e estradense, di o investigador Emilio Nieto: “A pesar de que la bibliografía es amplia y compleja, sólo puede asegurarse que *Toletum* es adaptación latina de un topónimo anterior, en el cual se puede aislar un elemento **tol*- cuyo significado es, probablemente, “altura”, presente en una amplia serie de topónimos de España y fuera de ella” (Nieto Ballester, 1997, voz *Toledo*: 340). Entre esa serie de topónimos atópase, segundo pensamos, o *Toedo* galego.

Tocante á orixe do topónimo *Toledo* e, por extensión, do noso *Toedo*, parece moi antiga. Así, para Menéndez Pidal o *Toledo* español podería ter correspondencia cun *Toleto* lígur do Piemonte italiano da provincia de Alexandría e cun *Tuleto* existente en Toscana (Menéndez Pidal, 1980: 173).

A mesma posible orixe lígur ou ilirio-líгур ou ambro-líгур-iliria que propón para o topónimo *Toledo* Menéndez Pidal é referendada por Rafael Lapesa, quen atopa correspondencia entre o *Toledo* hispano e o devandito *Toleto* do Piemonte e con outro *Toleto* que hai en Lombardía (Lapesa, 1962: 14-15).

Para Moralejo Laso o substrato ilirio-líгур ou ambro-ilirio, coma di el, tamén estaría presente nos devanditos topónimos peninsulares *Toledo* (*Toletum* en época romana), o *Toledo* de Huesca, *Toledillo* de Soria, *Toleda* de Badajoz e o *Toleto* do Piemonte. Todos estes nomes de lugar tiveron, segundo o citado profesor, o seu correspondente galego nun *castellum Toletum* tirado da expresión *castellani Toletenses* da inscrición latina dunha táboa de hospitalidade romana achada no Caurel e publicada na revista “Emérita”, XXVIII, 1960, 143-146 (Moralejo Laso, 1977: 28-29 n. 13). Este *Toletum* é dado por desaparecido polo profesor Moralejo (Moralejo Laso, 1977: 32 n. 23).

Malia o anterior, nós consideramos que o devandito e documentado *castellum Toletum* puido dar, por elipse ou desaparición do vocábulo *castellum*, a perda do *-l-* intervocálico e a sonorización do *-t-* tamén intervocálico, o topónimo *Toedo*, quizais desaparecido no Courel, pero presente no concello da Estrada (Cabeza Quiles, 2003: 158).

No lugar chamado *A Carballa*, aldea da parroquia de San Pedro de Toedo, houbo unha carballa, isto é, un carballo vello e grande, toda vez que este topónimo toedán debe recoller o denominado xénero dimensional, que en feminino non indica, como cabería esperar, xénero nin sexo, senón tamaño (de aí o seu nome de xénero dimensional); referíndose os vocábulos en feminino a obxectos e realidades máis grandes cós mesmos vocábulos expresados en masculino. Así, unha carballa é máis grande ca un carballo, coma unha leira é máis grande ca un leiro, ou unha agra máis grande ca un agro (Cabeza Quiles, 2000: 113-114).

Seguindo na parroquia de Toedo, no lugar nomeado *O Soutiño* houbo un souto, do latín *salto*, pequeno, é dicir, unha pequena superficie arborada preferentemente con castiñeiros.

Verbo de *Talló*, mellor *O Talló*, é un diminutivo de “tallo”, e vén, como tal, do latín *taliolo*, en alusión a un tallo, isto é, a unha finca ou terreo cultivado de pequenas dimensións. Este topónimo *Talló*, engadindo na pronuncia un *-n* final, pasou como apelido a *Tallón*, antroponimo que documentamos na veciña vila da Estrada, demostrándose moi ben neste caso que os topónimos *Talló* e *Tallón* son o mesmo, aínda que o de *Tallón*, moi espallado por Galicia, tomouse como un aumentativo (se ben realmente é un diminutivo enmascarado de falso aumentativo) pola teima parva de querer fuxir do pequeno e do humilde para instalarse no grandilocuente e grande, pois, xa se sabe que “cabalo grande, ande ou non ande”.

O significado dos topónimos *Talló* e *Tallón* (en realidade son o mesmo) aínda está nos dicionarios de galego, que documentan a voz “tallo” co significado de “leira moi pequena ou parte separada ou dividida doutra leira grande” e “anaco de terreo rectangular utiliza-

do como sementeiro”; significados que tamén se lle aplican á voz “tallón”, pois, como indicamos antes, é a mesma palabra e topónimo ca “talló”, que provén, como tamén dixemos anteriormente, de *talio*-lo, diminutivo de *talio*, e este do verbo latino *taliare*, “cortar, dividir”.

Nos documentos antigos vese ben o sentido da voz e do topónimo *Tallo* de finca ou herdade. Así, nun do ano 1115 podemos ler: “tam istam (quintam) quam et illud talium quod est in Fiscain in ripa Ulie” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 3: 101), en referencia a unha finca máis ou menos pequena ou *talium* (tallo), que estaba situada na ribeira do río Ulla.

Noutra proba documental do ano 1267 da Colección diplomática do mosteiro de Oseira unha tal Xoana Pelaez e outra persoa venden unha herdade, finca pequena ou tallo por cincuenta soldos: “et ego Johanna Pelaiz... vendemos a vos... u (o) nosso tallo do Negral” (Romaní Martínez, 1989, t. 2: 899).

Noutro testemuño documental do Tombo de Celanova cítase un tallo de viña: “et uno talio de vinea” (Andrade Cernadas, 1995, t. 1: 180).

Noutro escrito do ano 1433 aparece o vocábulo “tallo”. Así, “Item o tallo do campo do rio, que entesta no tallo de Juan Martins... do qual tallo perteesçe a Lourenço Afonso dous sestos, huun por Albertina e outro por Marina Vella; e o terço do outro sesto por Martin Franquo e o quarto do outro sesto por Marina de Carnota” (Justo-Lucas, 1991: 340), documento a partir do cal albiscamos que en tempos máis antigos os tallos non eran tan pequenos coma hoxe.

Para rematarmos, digamos que no lugar da parroquia de Toedo chamado *A Igrexa*, está a igrexa, vocábulo que vén do latín vulgar *ecclesia* ou, mellor, *ecclesia(m)*, “assemblea”, palabra que, coa aparición e afianzamento do cristianismo, pasou a sinalar o lugar onde se reunían en assemblea os fieis seguidores desta confesión para realizaren as súas prácticas relixiosas; emprazamentos nos que axiña construírían, para se resgardar das inclemencias do tempo e lograr un maior recollemento espiritual, os edificios de pedra chamados igre-

xas, detalle máis tanxible, que é ao cal se refire o frecuentísimo topónimo *Igrexa* ou *A Igrexa*.

Bibliografía

- ANDRADE CERNADAS, J. M., 1995. *O Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*, t. 1, Consello da Cultura Galega.
- ARCA CALDAS, O., 1995. *Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*, Xunta de Galicia e Concello de A Estrada.
- ARCA CALDAS, O., 2000. “A Estrada, terra saudable. O sanatorio de “Nuestra Señora del Carmen”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 3. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- BLANCO FUENTES, M., 2002. “Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do ‘Deportivo Estradense’ ”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 5. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2001. “Sobre o nome da Estrada”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 4. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CABEZA QUILES, F., 2002. “Sobre o topónimo Brea”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 5. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CABEZA QUILES, F., 2003. “En torno ó topónimo Toedo”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 6. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CARRÉ ALVARELLOS, L., 1979. *Diccionario galego-castelán*, Galaxia, Vigo.
- COROMINAS J. e PASCUAL, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, t. 3, Gredos, Madrid.
- FRANCO GRANDE, X. L., 1972. *Diccionario galego-castelán*, Galaxia, Vigo.
- JUSTO MARTÍN, M. X. e LUCAS ÁLVAREZ, M., 1991. *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*, Consello da Cultura Galega, Santiago.

- LAPESA, R., 1962. *Historia de la lengua española*, Escélicer, Madrid.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, apéndice documental 3, Santiago.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1988, (edic. facsím.), “Colección diplomática”, *Galicia histórica*, Edicións do Cerne.
- MACHADO, J. P., 1977. *Dicionário etimológico de língua portuguesa*, t. 4, Horizonte, Lisboa.
- Mariño Paz, R., 1998. *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago.
- MENÉNDEZ PIDAL, R., 1980. *Toponimia prerrománica hispana*. Gredos, Madrid.
- MORALEJO LASO, A., 1977. *Toponimia gallega y leonesa*, Pico Sacro, Santiago.
- NIETO BALLESTER, E., 1997. *Breve diccionario de topónimos españoles*, Alianza, Madrid.
- P. SARMIENTO, 1999. *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 1. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PENSADO, J. L., 1999. “Estudio preliminar” en P. Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 1. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PIEL, J. M., 1989. *Estudos de linguística histórica gallego-portuguesa*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E., 1980, (reed.), *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, t. 1 e 2, Galaxia, Vigo.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M., 1989. *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*, t. 2, Consellería de Cultura.
- VV. AA. 1977. *Dicionário da língua portuguesa*. Edições Melhoramentos, Centro do Livro Brasileiro.
- VV. AA. 1988. *Nomenclátor de Galicia*. Pontevedra. Xunta de Galicia.
- VV. AA. 2000. *Gran diccionario Xerais da lingua*, Xerais, Vigo.